

**ACTA NUMERO CATRO DAS REALIZADAS POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN
PLENO DESTE CONCELLO EN SESIÓN ORDINARIA O DÍA VINTE E CINCO DE
SETEMBRO DE DOUS MIL SETE :-.....**

=====

PRESIDENTA :

D^a Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS:

- D. Salvador Duran Bermúdez
- D^a M^a Paz Lago Martínez
- D. Angel Casal Moldes
- D. Constantino Sanmartín Quiñones
- D^a Almudena Aguín Fernández
- D. Manuel López Méndez
- D^a Susana Fernández Trelles
- D. Martín Otero Otero
- D. Roberto-Alfonso Fernández Lores
- D^a Gloria González Camiña
- D. David Otero Domínguez
- D^a Sandra Fernández Agraso
- D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
- D. Manuel Lores Púente
- D. José-Ramón López Fernández
- D. Jose-Luis Rodríguez Lorenzo

SECRETARIO ACCTAL.:

D. Luis-Angel Sabariz Rolán

=====

No salón de actos da casa consistorial de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e cinco de setembro de dous mil sete. Baixo a presidencia da Sra. alcaldesa D^a CATALINA GONZÁLEZ BEA, reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ó marxe se relacionan co fin de realizar a sesión ordinaria da corporación municipal en Pleno deste concello convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola presidencia declárase aberta e pública a sesión co obxecto de trata-los asuntos incluídos dentro da Orde do Día da convocatoria circulada ó efecto. -----

ACTAS ANTERIORES:

47 : APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O 14 DE AGOSTO DE 2007. Pola **Sra. presidenta** pregúntaselle os asistentes á sesión se algún concelleiro/a ten que formular algunha observación ás actas que se someten a aprobación.

Ó non se formular ningunha observación, por asentimento unánime, préstase aprobación á devandita acta.-----

48 : POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA (DE RES. Nº 907/07 A RES. Nº 1201/07). A **Sra. presidenta** expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as resolucións da alcaldía ditadas dende a última sesión ordinaria dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais. Pregunta si se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A corporación dáse por informada.-----

49 : POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REFERENTES A EXERCICIO DE ACCIÓNS XUDICIAIS DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA. En virtude do disposto polo art. 22.2.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en relación co art. 41.22 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, dáse conta o Pleno Municipal dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados dende a última sesión ordinaria de conformidade polo determinado nos art. 61.j) e 65.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

A **Sra. presidenta** fai constar que a relación detallada dos acordos estiveron no expediente á disposición dos/as concelleiros/as e se alguén quere formular algunha aclaración que o manifeste. Non se produce ningunha solicitude.

A corporación dáse por informada.-----

50 : DESIGNACIÓN FESTAS LOCAIS ANO 2008. Polo **Sr. secretario** dáse conta do ditame da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais que literalmente di:

“”**2º) DESIGNACIÓN FESTAS LOCAIS ANO 2008.** Dáse conta da comunicación que achega o delegado provincial da Consellería de Traballo –Servizo de Relacións Laborais- en Vigo, interesando se formule proposta das festas locais para o ano 2008, de conformidade co disposto no artigo 37.2 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, e no artigos 45 e 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do Real decreto 1561/1965, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo.

Polo **Sr. secretario** dáse lectura a proposta da alcaldía que literalmente di:

“”Analizado o art. 2 do Decreto 152/2007, do 19 de xullo, da Consellería de Traballo polo que se determina o calendario laboral para o ano 2008 na Comunidade Autónoma de Galicia, esta alcaldía propón ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

- Designar como días de festa local para o ano 2008 as seguintes:

* **24 de marzo (Luns de Pascua)**

* **4 de setembro (Sta. Rosalía).””**

Inicia o debate o **Sr. Fernández Lores, representante do Grupo Municipal do BNG**, manifestando que pola casuística das parroquias galegas sería máis oportuno que nos concellos onde haxa varios núcleos de poboación non houbera festas fixas en todo o municipio senón, dependendo das festividades de cada lugar. Así evitariáse que celebrándose os festexos dalgún lugar estivera ese día o comercio aberto.

Por isto plantexou que podería enviarse un escrito ó órgano correspondente da administración autonómica ou do estado para que se contemple esta posibilidade.

D. José-Luis Rodríguez Lorenzo, representante do Grupo Municipal Mixto, manifestou que este debate xa é vello. Considerou interesante a proposta do Sr. Fernández Lores pero incidiu de que esa posibilidade plantexaría problemas no mundo laboral pois sería difícil determinar en cada empresa os festivos locais.

A **Sra. presidenta** tamén falou da dificultade que entraña este tema dos festivos en función das celebracións que hai en cada parroquia.

O **Sr. Fernández Lores** manifestou que a cuestión non debe quedar nun mero debate porque a súa formación defende a entidade xurídica da parroquia en Galicia.

A **Sra. presidenta** manifestou que en todo caso se pode remitir un escrito á delegación de traballo da Xunta de Galicia ós efectos oportunos.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade e en consecuencia, a Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais propón ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

UNICO: designar como días de festa local para o ano 2008 as seguintes:

* **24 de marzo (Luns de Pascua)**

* **4 de setembro (Sta. Rosalía).””**

Inicia o debate o **Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, manifestando que nos municipios galegos hai un ente territorial como é a parroquia que ten moita importancia, engadindo que non sucede isto por exemplo en Castela ou Andalucía onde cada núcleo de poboación xa constitúe normalmente un municipio. Afirmou que, como en cada parroquia celébrase a súa festa, sería moi oportuno que os festivos locais non foran sinalados para todo o concello senón, que, aínda sendo varios, tivesen aplicación só na parroquia onde se celebran os festexos.

Tamén manifestou que non parece lóxico que, celebrándose por exemplo a festa de Sanxenxo, teñan que pechar os comercios de Portonovo ou Vilalonga; e viceversa, cando é a festa destes dous lugares os comercios da zona estean abertos ó non seren festa local.

Rematou dicindo que o seu grupo ía votar a favor, independentemente do manifestado, pregando que se remita un escrito ó organismo competente para que se modifique a normativa, esperando que a súa tese poda ser aplicada nos vindeiros anos.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que este debate repítese tódolos anos entendendo que é difícil que as festas locais vaian rotando en función das parroquias. Anunciou que daría traslado da petición do Sr. Fernández Lores ós organismos competentes.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade e en consecuencia a Corporación Municipal en Pleno **acordou designar** como **días de festa local para o ano 2008** as seguintes:

* **24 de marzo (Luns de Pascua)**

* **4 de setembro (Sta. Rosalía)**.-----

51 : PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS ECONÓMICAS A FAMILIAS CON FILLOS MENORES Ó SEU CARGO (ANUALIDADE 2007). Polo **Sr. secretario** dáse conta do ditame da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais que literalmente di:

“3º) PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS ECONÓMICAS A FAMILIAS CON FILLOS MENORES Ó SEU CARGO (ANUALIDADE 2007). Polo **Sr. secretario** dáse conta da proposta da alcaldía que literalmente di:

“Os servizos sociais deste concello elaboraron este programa para o ano 2007 mellorando determinados aspectos do programa anterior, aprobado o 18 de xullo de 2006 e que se aplicou en dito exercicio. As modificacións tratan fundamentalmente sobre a antigüidade nas familias como residentes para optar a unha axuda por neno/a discapitado, as contías para o cómputo dos ingresos das familias así como a adaptación das datas de nacemento dos beneficiarios.

Analizado o texto esta alcaldía propón a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: derroga-lo o anterior programa para estas axudas que se aplicou na anualidade de 2006, aprobado polo Concello Pleno o 18/07/06 e publicado no BOP nº 190 do 03/10/06.

SEGUNDO: aprobar o novo PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS ECONOMICAS A FAMILIAS CON FILLOS MENORES Ó SEU CARGO (ANUALIDADE DE 2007) que consta de sete apartados e 3 anexos.

TERCEIRO: expoñer durante o prazo de 30 días no Boletín Oficial da Provincia o expediente ós efectos de recibir reclamacións ou suxestións, considerandóse definitivamente aprobado no caso de que estas non se produciran.

CUARTO: a eficacia e entrada en vigor deste programa producirase unha vez que transcorran 15 días dende a inserción do texto do devandito programa no BOP.

QUINTO: declarar que para o exercicio de 2008 e sucesivos exercicios sexan variadas as cifras das idades en función da anualidade correspondente. E tamén sexan variadas as cantidades dos ingresos das familias en función das variacións do IPC.””

O texto do programa municipal literalmente di:

“PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS ECONÓMICAS A FAMILIAS CON FILLOS MENORES AO SEU CARGO.

Este concello pretende apoiar ás familias do municipio creando unha prestación económica de pagamento único e contribuír así a atender as dificultades extraordinarias sobrevidas pola crianza e mantemento de fillos e fillas tanto por nacemento como por adopción ou acollemento.

Ademais, sendo conscientes de que as familias con fillos afectados de discapacidade, non reciben da administración un apoio axeitado para atender as necesidades especiais de tratamento, así como outras derivadas das súas limitacións, e tendo en conta que se trata dunhas circunstancias que se manteñen no tempo, este concello, a través de este programa, pretende paliar en certa medida esta carencia mantendo o dereito a esta prestación ata os 17 anos de idade cumpridos.

a) Persoas beneficiarias:

Poderán ser beneficiarios desta prestación :

- Persoas que teñan ao seu cargo fillos e fillas menores de 3 anos a data 31 de decembro de 2006 (nados dende o 01-01-2004 ata o 31-12-2006) e sempre que os ingresos económicos da unidade familiar estean dentro dos límites que se determinan no **anexo I**.
- Persoas que teñan ao seu cargo a fillos maiores de tres anos adoptados ou menores acollidos no ano anterior á convocatoria. (A data de inscrición da adopción no rexistro civil, e no caso de acollemento a data da resolución xudicial ou administrativa, deberá ser entre o 01 de xaneiro e o 31 de decembro de 2006), sempre que cumpran os requisitos económicos determinados no **anexo I**.
- Persoas que teñan ao seu cargo fillos menores de 18 anos a data 31 de decembro de 2006, afectados de discapacidade, recoñecida polo equipo de valoración e orientación da Xunta de Galicia, en porcentaxe igual ou superior ao 33% e acreditada mediante certificado de minusvalidez, sen establecer para estes supostos límite de ingresos económicos.

No suposto de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, o beneficiario da prestación será o pai/nai que teña a custodia dos fillos de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza de separación ou divorcio. En ningún caso poderán ser beneficiarios da prestación os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos, ou se a tutela ou garda foi asumida por unha institución pública.

Os estranxeiros que residan en Galicia poderán beneficiarse desta prestación sempre que cumpran as condicións da Lei orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, e os requisitos establecidos nesta norma e teñan a condición de contribuíntes para os efectos do disposto nos artigos 8 e 9 do Real decreto 3/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas.

b) Requisitos:

* Ser veciños residentes no termo municipal de Sanxenxo e figurar de alta no Padrón Municipal ó menos cun ano de antelación a publicación das presentes bases.

* Que na data da solicitude os menores convivan co solicitante.

* Non superar os límites de ingresos económicos establecidos, excepto para as familias con menores afectados de discapacidade. No caso de menores con discapacidade, que non dispoñan de ingresos económicos derivados de actividade laboral.

c) Tipo de axuda e contía:

A prestación consistirá nun pagamento único por cada fillo menor de 3 anos que o solicitante teña ao seu cargo. Os menores afectados de minusvalía superior ao 33% poderán acollerse a esta axuda ata os 17 anos de idade incluídos. O mesmo menor non pode dar lugar a máis dunha prestación en virtude deste programa.

A contía da prestación será de 720'00€ ao ano por cada un dos menores a cargo.

d) Solicitudes e documentación:

1) A solicitude formalizarase no modelo establecido que figura como **anexo II** e acompañarase da seguinte documentación:

Documentación xeral:

- ☛ Fotocopia DNI/NIF ou NIE do solicitante e do seu cónxuxe ou parella.
- ☛ Fotocopia do Libro de Familia ou certificación literal de nacemento do rexistro civil de cada un dos fillos menores de tres anos ou de 18 no caso de estar afectado de minusvalidez.
- ☛ Certificado de empadramento e convivencia do solicitante no que conste a antigüidade no mesmo.
- ☛ Fotocopia da cartilla de aforros co número de conta na que figure como titular o solicitante.
- ☛ Fotocopia da Declaración da Renda correspondente ao exercicio 2006, ou xustificante de ingresos económicos do ano 2006 acompañado da Certificación da Delegación de Hacienda conforme non figura no censo de declarantes.
- ☛ Calquera outra documentación que se poida requirir, e que se estime oportuna para poder avaliar a solicitude.

Documentación específica, de se-lo caso:

- ☛ Título de familia numerosa.
- ☛ Certificado de minusvalidez, en vigor, do menor afectado de discapacidade.
- ☛ Copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio e do convenio regulador.
- ☛ Nos casos de adopción ou tutela, copia do auto xudicial de adopción ou da resolución xudicial da constitución da tutela.

• Nos casos de acollemento familiar copia da resolución administrativa ou resolución xudicial de se-lo caso.

• Nos casos de proxenitores solteiros cos fillos recoñecidos polo outro proxenitor sen que exista convivencia entre pai e nai, declaración xurada que recolla este extremo (**Anexo III**), acompañada de informe da Policía Local que o acredite, así como documento xudicial de medidas paterno- filiais.

2) Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se presentase a documentación sinalada, requirirase ao solicitante para que no prazo de 10 días emende a falta ou presente os documentos perceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se entenderá que desiste da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

e) Concorrenza de axudas:

Esta prestación será compatible con calquera outra establecida para a mesma finalidade tanto polas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, como por calquera entidade privada.

f) Resolución de solicitudes:

Corresponde á Xunta de Goberno Local ou órgano municipal autorizado, no prazo de tres meses, contado desde o día seguinte á data límite de presentación de solicitudes. Transcorrido dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes teranse por desestimadas.

g) Extinción da axuda:

A ocultación ou falseamento de datos que alteren as condicións tidas en conta para a concesión desta prestación, dará lugar a modificación da resolución, quedando as persoas beneficiarias obrigadas á devolución dos importes percibidos indebidamente.

ANEXO I : REQUISITOS ECONÓMICOS:

Teranse en conta os ingresos económicos netos do pai e nai, por tódolos conceptos, descontando os gastos derivados de aluguer ou amortización da 1ª vivenda que veñen ocupando.

No caso de familias numerosas oficialmente recoñecidas, unha vez calculada a renda familiar polo procedemento descrito anteriormente, deduciranse 1.000'00€ cando o solicitante pertenza á Categoría Xeral e 1.500'00€ á Categoría Especial.

As familias beneficiarias non poderán superar os ingresos económicos anuais, segundo o seguinte baremo:

Nº MEMBROS DA FAMILIA	INGRESOS NETOS ANO 2006
2 Membros	10.856'37€
3 Membros	13.516'02€
4 Membros	15.752'88€
5 Membros	17.785'20€
6 Membros	19.766'83€
7 Membros	21.680'10€
8 Membros	23.586'73€

ANEXO II

SOLICITUDE PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS ECONÓMICAS A FAMILIAS CON FILLOS MENORES AO SEU CARGO

DATOS DO SOLICITANTE

NIF/NIE	APELIDOS		NOME	
ENDEREZO			LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	TELÉFONO MÓVIL	
PARENTESCO CO MENOR: PAI <input type="checkbox"/> NAI <input type="checkbox"/> ACOLLEDOR <input type="checkbox"/> ACOLLEDORA <input type="checkbox"/> TITOR <input type="checkbox"/> TITORA <input type="checkbox"/>				

DATOS DO CÓNXUXE OU PARELLA (SE É O CASO)

NIF/NIE	APELIDOS	NOME
---------	----------	------

DATOS DOS MENORES PARA OS QUE SE SOLICITA A AXUDA

APELIDOS E NOME	DATA DE NACEMENTO / ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO GRAO MINUSVALIDEZ

DATOS BANCARIOS

NOME	BANCO	E	CÓDIGO DE CONTA (20 DÍXITOS)
SUCURSAL			

RÚA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL
-----	------------	------------------

Sanxenxo, a _____ de _____ de 200__

Asdo: _____

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO ILMO. CONCELLO DE SANXENXO.

ANEXO III

DECLARACIÓN XURADA

Don/a _____	con
DNI/NIE _____	
endereço _____	CP _____
provincia _____	teléfono/s _____.
DECLARA:	
Que o meu fillo/a _____ convive	
unicamente comigo e ao meu coidado, no domicilio enriba sinalado.	
Sanxenxo, a _____ de _____ de 200__	

DOCUMENTACIÓN ACHEGADA (SINALE CUN X)

<u>DOCUMENTACIÓN XERAL</u>	<u>DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA</u>
<input type="checkbox"/> Fotocopia do DNI/NIE dos solicitante e do cónxuxe ou parella. <input type="checkbox"/> Fotocopia do Libro de Familia ou certificación literal de nacemento do rexistro civil de cada un dos fillos menores de tres anos ou de 18 no caso de estar afectado de minusvalidez. <input type="checkbox"/> Certificado de empadramento e de convivencia do solicitante no que conste a antigüidade do mesmo. <input type="checkbox"/> Fotocopia da cartilla de aforros co número de conta na que figure como titular o solicitante. <input type="checkbox"/> Fotocopia da declaración da renda correspondente o exercicio 2006, ou xustificantes de ingresos económicos do ano 2006 acompañado da Certificación da Delegación de Hacienda conforme non figura no censo de declarantes. <input type="checkbox"/> Calquera outra documentación que se poida requirir, e que se estime oportuna para poder avaliar a solicitude.	<input type="checkbox"/> Título de familia numerosa. <input type="checkbox"/> Certificado de grao de minusvalidez, en vigor, do menor afectado de discapacidade. <input type="checkbox"/> Copia do servizo de nulidade, separación ou divorcio e do convenio regulador. <input type="checkbox"/> Nos casos de adopción ou tutela, copia do auto xudicial de adopción ou da resolución xudicial da constitución da tutela. <input type="checkbox"/> Nos casos de acollemento familiar copia da resolución administrativa ou resolución xudicial de se-lo caso. <input type="checkbox"/> Nos casos de proxenitores solteiros cos fillos recoñecidos polo outro proxenitor sen que exista convivencia entre pai e nai, declaración xurada que recolla este extremo (Anexo III), acompañada de informe da Policía Local que o acredite, así como documento xudicial de medidas paterno-filiais.

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO ILMO. CONCELLO DE SANXENXO.""

O **Sr. Fernández Lores, representante do Grupo Municipal do BNG**, preguntou á presidencia cantas familias recibiron estas axudas en 2006 e cal foi o importe total percibido.

A **Sra. presidenta** manifestou que neste intre non podía precisar con exactitude estes datos, pero que lembraba que eran unhas "cento e pico de axudas" cun importe total duns 90.000 euros.

A **Sra. Aguíñ Pombo, representante do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, incidiu en que hai que ter uns ingresos realmente baixos para optar a estas axudas.

A **Sra. presidenta** dixo que precisamente as axudas son recibidas por quen máis o necesita, facendo fincapé na problemática dos nenos/as discapacitados/as.

O **Sr. Fernández Lores**, por ultimo, solicitou que no pleno se informe con exactitude das cifras do número de axudas concedidas en 2006 co seu importe global, engadindo que tamén desexa saber unha previsión do custo para este ano.

A **presidencia** somete a votación o asunto (sistema de voto ponderado acordado polo concello Pleno en sesión de 09/07/2007) acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 10 (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Grupo Municipal Mixto e Sra. presidenta).

Abstencións: 3 (Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia, a **Comisión de Estudo, informe ou consulta de Asuntos Xerais**, por unanimidade acorda propoñer ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: derroga-lo o anterior programa para estas axudas que se aplicou na anualidade de 2006, aprobado polo Concello Pleno o 18/07/06 e publicado no BOP nº 190 do 03/10/06.

SEGUNDO: aprobar o novo **PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS ECONOMICAS A FAMILIAS CON FILLOS MENORES Ó SEU CARGO (ANUALIDADE DE 2007)** que consta de sete apartados e 3 anexos.

TERCEIRO: expoñer durante o prazo de 30 días no Boletín Oficial da Provincia o expediente ós efectos de recibir reclamacións ou suxestións, considerándose definitivamente aprobado no caso de que estas non se produciran.

CUARTO: a eficacia e entrada en vigor deste programa producirase unha vez que transcorran 15 días dende a inserción do texto do devandito programa no BOP.

QUINTO: declarar que para o exercicio de 2008 e sucesivos exercicios sexan variadas as cifras das idades en función da anualidade correspondente. E tamén sexan variadas as cantidades dos ingresos das familias en función das variacións do IPC.””

Iniciou o debate a **Sra. González Camiña, concelleira do Grupo Municipal do BNG**, anunciando que o seu grupo ía votar a favor da proposta pero puntualizou, baseándose en que foron solicitadas o ano pasado 114 axudas de 720 euros, que estas accións de benestar social deben ser revisadas xa que as cifras de ingresos das familias para optar as axudas son moi baixas (falou de 10.856 euros para as de 2 membros). Propuxo, para rematar, que se estude no futuro elevar estas cifras ou, en todo caso, incrementar a contía das axudas.

A **Sra. alcaldesa** dixo que non se pode pretender que o concello asuma todo o custo que ocasiona o mantemento dun neno/a, e que Sanxenxo é o único concello que outorga a cantidade de 720 euros. Subliñou que o concello está asumindo competencias alleas que lle corresponden á Vicepresidencia da Xunta, pero vale a pena esforzarse en facer investimentos nestas cuestións sociais así como nos eidos da educación e da cultura.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade e consecuencia a Corporación Municipal en Pleno adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: derroga-lo o anterior programa para estas axudas que se aplicou na anualidade de 2006, aprobado polo Concello Pleno o 18/07/06 e publicado no BOP nº 190 do 03/10/06.

SEGUNDO: aprobar o novo **PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS ECONOMICAS A FAMILIAS CON FILLOS MENORES Ó SEU CARGO (ANUALIDADE DE 2007)** que consta de sete apartados e 3 anexos.

TERCEIRO: expoñer durante o prazo de 30 días no Boletín Oficial da Provincia o expediente ós efectos de recibir reclamacións ou suxestións, considerándose definitivamente aprobado no caso de que estas non se produciran.

CUARTO: a eficacia e entrada en vigor deste programa producirase unha vez que transcorran 15 días dende a inserción do texto do devandito programa no BOP.

QUINTO: declarar que para o exercicio de 2008 e sucesivos exercicios sexan variadas as cifras das idades en función da anualidade correspondente. E tamén sexan variadas as cantidades dos ingresos das familias en función das variacións do IPC.-----

52 : EXPTE. Nº U-91/06 DE “PROMOCIONES FABAL, S.L.”. APROBACIÓN DEFINITIVA DO “PLAN PARCIAL EN DESENVOLVEMENTO DO SOLO URBANIZABLE Nº 30 EN FONTOIRA-PADRIÑÁN”. Polo Sr. secretario dáse conta do ditame da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Urbanismo que literalmente di:

“”2º) EXPTE . Nº U-91/06 DE “PROMOCIONES FABAL, S.L.”. APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN PARCIAL EN DESENVOLVEMENTO DO SOLO URBANIZABLE Nº 30 EN FONTOIRA-PADRIÑÁN”: dáse conta do expediente ós asistentes, así como da proposta do xerente municipal de urbanismo de 10 de xullo 2007 que literalmente di:

“”Rafael Vázquez Abal, Xerente de Urbanismo da Xerencia Municipal do Concello de Sanxenxo, por Resolución da Sra. Alcaldesa-Presidenta de data de 15 de xaneiro de 2007.

Á vista de:

*Acordo a Xunta de Goberno Local, de data do 15/02/2007, aprobando inicialmente o Plan Parcial en desenvolvemento do S.U. nº 30 en Fontoira-Padriñan.

*Certificación, de data do 05/07/2007, indicando que sometido o expediente a información pública mediante comunicación individualizada ós propietarios en colindantes, e anuncios inseridos no “Faro de Vigo “ e na “Voz de Galicia”, os días 13 de Marzo respectivamente, e no DOGA, de data do 19/03/2007, presentouse escrito de alegacións por D. José Manuel Asperez Domínguez (Rexistro nº 1.965).

*Informe do Arquitecto Municipal, de data do 03/07/2006.

*Informe emitido pola Secretaría Xeral de data do 29/08/2006.

*Decisión do 02/05/2007, da Dirección xeral de Desenvolvemento Sotible, sobre a necesidade de Avaliación Ambiental Estratéxica.

*Informe de fiscalización do Sr. Interventor, de data do 08/02/2007.

*Informe da asesora xurídica de data do 09/07/2007.

Considerando que ao abeiro do establecido na Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, nos termos da modificación pola Lei 15/2004, apartado 1, letra a), ao solo urbano dos municipios con Plan Xeral de Ordenación Municipal adaptado á Lei 1/1997, do Solo de Galicia,

aplicaráselle o disposto nesa Lei para o solo urbano, sen prexuízo de respecta-la ordenación establecida no planeamento en vigor.

Considerando que ó abeiro do disposto no artigo 29.1.g) dos “Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo”, entre das facultades do Xerente atópase a propoñe-la aprobación dos instrumentos de planeamento de desenrolo e de xestión urbanística.

E que ó abeiro do disposto no artigo 21.1.b) dos “Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo”, entre das facultades do Consello da Xerencia, atópase a de elevar ó Pleno do Concello proposta de resolución respecto da aprobación definitiva dos instrumentos de ordenación urbanística.

En consecuencia, e á vista de todo o anteriormente exposto,

PROPONSE Ó CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO:

1º) Propoñer ó Pleno do Concello proceder á APROBACIÓN DEFINITIVA do plan parcial para desenvolvemento do S.U. nº 30, sito en Fontoira-Padriñán, ao abeiro do disposto no artigo 86.2) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro.

2º.- Ao abeiro do disposto no artigo 92.2) desa mesma Lei, o acordo de aprobación definitiva haberá de publicarse, no prazo dun mes dende a súa adopción, no Diario Oficial de Galicia; e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas, no B.O.P.

3º.- Nese anuncio de aprobación definitiva farase constar a comunicación do acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e do traslado á mesma de copias autenticadas de dous exemplares do instrumento, coa dilixencia da Secretaría Xeral de aprobación definitiva””.

Visto o **informe da asesora xurídica do 9 de xullo de 2007** que literalmente di:

“”Na data do 15 de febreiro de 2007 pola xunta de Goberno Local acordouse prestar aprobación inicial ó Plan Parcial do Solo Urbanizable nº 30, sito no lugar de Fontoira-Padriñán, a instancia da mercantil mentada.

O proxecto expuxose a exposición pública mediante anuncios inseridos no “Faro de Vigo” e na “Voz de Galicia”, do día 13 de marzo respectivamente, no Boletín Oficial da Provincia de data 21 de marzo e no Diario Oficial de Galicia de data do 19 de marzo de 2007, durante o devandito período de exposición pública presentáronse as alegacións que se describe a continuación:

1.D. JOSE MANUEL ASPEREZ DOMINGUEZ, na data do 26 de abril de 2007 –registro de entrada na Xerencia Municipal de Urbanismo nº 1965.

Na mesma, polo interesado solicitase o recoñecemento da súa propiedade dentro do ámbito, que non se corresponde co plano catastral obrante no expediente, procedéndose polo interesado a nova delimitación da finca aportando título de propiedade da mesma.

Por parte da Xerencia municipal de Urbanismo de Sanxenxo remitiuse a presente alegación o promotor do ámbito para que procedera a presentar cantas alegacións tivera por conveniente.

Así mesmo, por escrito presentado pola mercantil na data do 5 de xullo de 2007 –registro de entrada na Xerencia de Urbanismo nº 3132- recoñece o sinalado polo interesado e mostra a súa conformidade coa superficie presentada no mesmo.

Por parte desta Asesoría, e toda vez que nos atopamos ante unha cuestión meramente privada, non existe inconveniente xurídico en estimar a presente alegación, a cal se terá en conta os efectos oportunos no proxecto de compensación.

Así mesmo, por parte desta Administración remitiuse o Plan Parcial para autorización da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible nda data do 23 de marzo de 2006, emitíndose informe por ese organismo sectorial na data do 7 de maio de 2007 –registro de entrada nº 2199 de 11 de maio de 2007- sobor da NON necesidade de someter o presente Plan Parcial o procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica.””

Non se produce debate, e a presidencia somete a votación o asunto (sistema de voto ponderado acordado polo concello Pleno en sesión de 09/07/2007) acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: **9 (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal Mixto e Sra. presidenta).**

Abstencións: 5 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia, a **Comisión de Estudo, Informe e Consulta de Urbanismo**, por maioría, acorda propoñer ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar definitivamente o "**PLAN PARCIAL EN DESENVOLVEMENTO DO SOLO URBANIZABLE Nº 30 EN FONTOIRA-PADRIÑÁN**", tramitado a instancia da mercantil "**PROMOCIONES FABAL, S.L.**", de conformidade co proxecto técnico presentado, redactado polos arquitectos D. Antonio Espinosa Murias e D. Antonio Rodríguez Martínez, con visado colexial de 7 de xuño de 2006 e documentación técnica anexa visada o 22 de xuño de 2006.

SEGUNDO: estimar a alegación presentada por **D. José-Manuel Aspérez Domínguez** de conformidade co informe da asesoría xurídica antes transcrito.

TERCEIRO: publicar este acordo no "Diario Oficial de Galicia" e no "Boletín Oficial da Provincia", debéndose publicar neste último as características urbanísticas deste plan parcial; e notificar persoalmente ós propietarios directamente afectados, con indicación dos recursos procedentes.

CUARTO: nese anuncio de aprobación definitiva farase constar a comunicación do acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e do traslado á mesma de copias autenticadas de dous exemplares do instrumento, coa dilixencia da secretaría xeral de aprobación definitiva.

QUINTO: levanta-la suspensión do outorgamento de licenzas que se acordara na aprobación inicial.””

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que estaba de acordo en aprobar este plan parcial que supón que xa queda descartada a ronda por Dorrón. Solicitou á presidencia que, en consecuencia, o concello retirase o recurso contencioso-administrativo presentado contra a administración autonómica que impediou que a ronda fose adiante.

O Sr. **Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, incidiu tamén no sinalado polo representante do Grupo Mixto, engadindo que a este SU-30 levarao por diante a ronda, e lembrando que os propietarios destes terreos xa alegaron no seu día contra o proxecto da ronda.

Rematou dicindo que votarán a favor deste plan parcial que non presenta problemas, sempre que o goberno local retire o contencioso que interpuxo contra a resolución da xunta que rexeitou a continuidade do proxecto da ronda de Dorrón, xa que é absurdo manter este litixio que prexudica ó propio concello.

A Sra. **presidenta** manifestou que non se pode mesturar unha cousa con outra (non confundan a “velocidade” co “touciño” expresou”) matizando que o que se está a debater é o SU-30 non a ronda. Engadiu que os procedementos seguen o seu curso e que sería ilegal, por falla de motivación, non aprobar un plan que se axusta á legalidade pois xa foi levantada a suspensión temporal de licenzas que houbo. Rematou dicindo que os sistemas xerais do PXOM non son inamovibles.

Sometido o asunto a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a favor: **dez (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).**

Abstencións: sete (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

En consecuencia a Corporación Municipal en Pleno adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar definitivamente o "PLAN PARCIAL EN DESENVOLVEMENTO DO SOLO URBANIZABLE Nº 30 EN FONTOIRA-PADRIÑÁN", tramitado a instancia da mercantil "PROMOCIONES FABAL, S.L.", de conformidade co proxecto técnico presentado, redactado polos arquitectos D. Antonio Espinosa Murias e D. Antonio Rodríguez Martínez, con visado colexial de 7 de xuño de 2006 e documentación técnica anexa visada o 22 de xuño de 2006.

SEGUNDO: estimar a alegación presentada por D. José-Manuel Aspérez Domínguez de conformidade co informe da asesoría xurídica antes transcrito.

TERCEIRO: publicar este acordo no “Diario Oficial de Galicia” e no “Boletín Oficial da Provincia”, debéndose publicar neste último as características urbanísticas deste plan parcial; e notificar persoalmente ós propietarios directamente afectados, con indicación dos recursos procedentes.

CUARTO: nese anuncio de aprobación definitiva farase constar a comunicación do acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e do traslado á mesma de copias autenticadas de dous exemplares do instrumento, coa dilixencia da secretaría xeral de aprobación definitiva.

QUINTO: levanta-la suspensión do outorgamento de licenzas que se acordara na aprobación inicial.-----

53 : EXPTE. Nº U-11/05 DE “UHÍA Y RECUNA, S.L.”. APROBACIÓN DEFINITIVA DO “ESTUDIO DE DETALLE PARA ORDENACIÓN DE VOLUMES EN BALTAR-ADINA”. Polo Sr. secretario dáse conta do ditame da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Urbanismo que literalmente di:

“3º) EXPTE. Nº U-11/05 DE “UHIA Y RECUNA, S.L.”. APROBACIÓN DEFINITIVA DO “ESTUDIO DE DETALLE PARA ORDENACIÓN DE VOLUMES EN BALTAR-ADINA”: dáse conta do expediente ós asistentes, así como da proposta do xerente municipal de urbanismo de 7 de setembro de 2007, que literalmente di:

“Rafael Vázquez Abal, Xerente de Urbanismo da Xerencia Municipal do Concello de Sanxenxo, por Resolución da Sra. Alcaldesa-Presidenta de data de 15 de xaneiro de 2007.

Á vista de:

*Texto refundido de Estudo de Detalle para ordenación de volumenes , visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, na data do 23/05/2007.

*Informe do Arquitecto Municipal de data 26/09/2006.

*Informe emitido pola Secretaría Xeral en data 29/09/2006.

*Acordo da Xunta de Goberno Local, de data 02/11/2006, prestando APROBACIÓN INICIAL ó Estudio de Detalle.

*Trámite de Información pública, mediante anuncios inseridos no Faro de Vigo de 23/06/2007, no B.O.P. Nº 128 de 03/07/2007 e no D.O.G. Nº 148 de 01/08/2007.

*Certificación da Secretaría Xeral de data 06/07/2007, acreditativa da presentación de un escrito de alegación, como resultado do trámite de información pública.

*Informe da asesora xurídica de data do 06/09/2007.

Considerando que ao abeiro do establecido na Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, nos termos da modificación pola Lei 15/2004, apartado 1, letra a), ao solo urbano dos municipios con Plan Xeral de Ordenación Municipal adaptado á Lei 1/1997, do Solo de Galicia, aplicaráselle o disposto nesa Lei para o solo urbano, sen prexuízo de respecta-la ordenación establecida no planeamento en vigor.

Considerando que ó abeiro do disposto no artigo 29.1.g) dos “Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo”, entre das facultades do Xerente atópase a propoñe-la aprobación dos instrumentos de planeamento de desenrolo e de xestión urbanística.

E que ó abeiro do disposto no artigo 21.1.b) dos “Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo”, entre das facultades do Consello da Xerencia, atópase a de elevar ó Pleno do Concello proposta de resolución respecto da aprobación definitiva dos instrumentos de ordenación urbanística.

En consecuencia, e á vista de todo o anteriormente exposto,

PROPONSE Ó CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO:

1º) Propoñer ó Pleno do Concello proceder á APROBACIÓN DEFINITIVA do estudio de detalle para ordenación de volumes en Baltar - Adina, tramitado a instancia da UHIA Y RECUNA, S.L, ao abeiro do disposto no artigo 86.2) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro.

2º.- Ao abeiro do disposto no artigo 92.2) desa mesma Lei, o acordo de aprobación definitiva haberá de publicarse, no prazo dun mes dende a súa adopción, no Diario Oficial de Galicia; e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas, no B.O.P.

3º.- Nese anuncio de aprobación definitiva farase constar a comunicación do acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e do traslado á mesma de copias autenticadas de dous exemplares do instrumento, coa dilixencia da Secretaría Xeral de aprobación definitiva.””

Visto o **informe da asesora xurídica do 6 de setembro de 2007** que literalmente di:

“”Na data do 2 de novembro de 2006, por acordo da Xunta de Goberno Local procedeuse a prestar aprobación inicial ó estudio de detalle para ordenación de volumes, no lugar de Baltar-Adina.

O mentado proxecto expuxose a información pública mediante anuncio publicado no “Faro de Vigo” o día 23 de xuño de 2007, no Boletín Oficial da Provincia do día 3 de xullo e no Diario Oficial de Galicia do día 1 de agosto de 2007, durante o devandito período de exposición pública –segundo se desprende da certificación emitida polo Secretario accidental na data do 6 de setembro de 2007- presentouse unha alegación que se describen de seguido:

1.Dña. YOLANDA GONZALEZ DOVALO, na data do 30 de xullo de 2007 –registro de entrada na Xerencia Municipal de Urbanismo nº 3550.

Na mesma, pola interesada solicita que non se lle practiquen mais notificacións toda vez que xa non e propietaria da parcela. Por parte desta asesoría xurídica procedese a ter en conta a presente alegación os efectos oportunos do tramite administrativo.

Así mesmo, cumpre suliñar que non se procedeu a remisión do expediente administrativo a organismos sectoriais toda vez que a parcela non se atopa afectada por ningunha autorización sectorial.

Polo exposto, procede que polo órgano municipal competente – Concello Pleno- se proceda á aprobación definitiva do estudio de detalle, e tras a súa aprobación deberá publicarse segundo se dispón no artigo 92 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.””

Non se produce debate, e a presidencia somete a votación o asunto (sistema de voto ponderado acordado polo concello Pleno en sesión de 09/07/2007) acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal Mixto e Sra. presidenta).

Abstencións: 5 (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

En consecuencia, a **Comisión de Estudo, Informe e Consulta de Urbanismo**, por maioría, acorda propoñer ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar definitivamente o "**ESTUDO DE DETALLE PARA ORDENACIÓN DE VOLUMES EN BALTAR-ADINA**", tramitado a instancia da mercantil "**UHIA Y RECUNA, S.L.**", segundo documentación técnica refundida, redactada pola arquitecto D^a Mercedes Muñoz Jaureguiualzo, con visado colexial de 23 de maio de 2007.

SEGUNDO: estimar a alegación presentada por D^a Yolanda González Dovalo de conformidade co informe da asesoría xurídica antes transcrito.

TERCEIRO: publicar este acordo no "Diario Oficial de Galicia" e no "Boletín Oficial da Provincia", debéndose publicar neste último as características urbanísticas deste estudo de detalle; e notificar persoalmente ós propietarios directamente afectados, con indicación dos recursos procedentes.

CUARTO: nese anuncio de aprobación definitiva farase constar a comunicación do acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e do traslado á mesma de copias autenticadas de dous exemplares do instrumento, coa dilixencia da secretaría xeral de aprobación definitiva.

QUINTO: levanta-la suspensión do outorgamento de licenzas que se acordara na aprobación inicial."

Non se produce debate e a presidencia somete o asunto a votación acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: **dez (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).**

Abstencións: sete (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

En consecuencia a Corporación Municipal en Pleno adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar definitivamente o "**ESTUDO DE DETALLE PARA ORDENACIÓN DE VOLUMES EN BALTAR-ADINA**", tramitado a instancia da mercantil "**UHIA Y RECUNA, S.L.**", segundo documentación técnica refundida, redactada pola arquitecto D^a Mercedes Muñoz Jaureguiualzo, con visado colexial de 23 de maio de 2007.

SEGUNDO: estimar a alegación presentada por D^a Yolanda González Dovalo de conformidade co informe da asesoría xurídica antes transcrito.

TERCEIRO: publicar este acordo no "Diario Oficial de Galicia" e no "Boletín Oficial da Provincia", debéndose publicar neste último as características urbanísticas deste estudo de detalle; e notificar persoalmente ós propietarios directamente afectados, con indicación dos recursos procedentes.

CUARTO: nese anuncio de aprobación definitiva farase constar a comunicación do acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e do traslado á mesma de copias autenticadas de dous exemplares do instrumento, coa dilixencia da secretaría xeral de aprobación definitiva.

QUINTO: levanta-la suspensión do outorgamento de licenzas que se acordara na aprobación inicial.-----

54 : CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES E O CONCELLO DE SANXENXO PARA A EXECUCIÓN E EXPLOTACIÓN DO ENLACE DE ACCESO DA AUTOVÍA DO SALNÉS Ó PARQUE EMPRESARIAL DE SANXENXO. Polo Sr. secretario dáse conta do ditame da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Urbanismo que literalmente di:

“4º) **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES, E O CONCELLO DE SANXENXO PARA A EXECUCIÓN E EXPLOTACIÓN DO ENLACE DE ACCESO DA AUTOVÍA DO SALNÉS Ó PARQUE EMPRESARIAL DE SANXENXO.** A Sra. presidenta manifesta que o motivo da urxencia ven dado porque despois de recibir o texto do convenio mantivo unha reunión o luns pasado ca delegada provincial que lle comunicou que non asumirá o custo das obras necesarias para face-lo enlace da autovía co parque empresarial de Sanxenxo.

Pola Sra. secretaria dáse lectura a proposta da alcaldía que literalmente di:

“**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES, E O CONCELLO DE SANXENXO PARA A EXECUCIÓN E EXPLOTACIÓN DO ENLACE DE ACCESO DA AUTOVÍA DO SALNÉS Ó PARQUE EMPRESARIAL DE SANXENXO.**

Xa hai varios meses esta alcaldía solicitou, nunha entrevista co director xeral de obras públicas, que a Xunta de Galicia asumise o custo das obras de enlace da autovía do Salnés co parque empresarial de Sanxenxo e cos sistemas xerais previstos no desenvolvemento do PXOM deste municipio.

Con data 06/08/07, recibíuse o texto do borrador do convenio entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Sanxenxo, pero non aparecen recollidos os plantexamentos e as peticións formuladas por esta alcaldía na entrevista anteriormente exposta.

Tras solicitar unha entrevista urxente o día 7 de agosto de 2007 co director xeral de obras públicas, esta alcaldía mantivo unha reunión coa delegada provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes o pasado día 17 que reiterou a negativa de que sexa esta consellería a que asuma o custo do enlace.

Esta alcaldía considera que debe ser a Xunta de Galicia a que asuma o custo deste enlace e a obra correspondente, polas seguintes razóns:

a) No PXOM, aprobado definitivamente pola corporación con data 27/02/03, e dentro do SU-15, xa quedou prevista a conexión do parque empresarial coa autovía do Salnés. Precisamente un dos obxectivos do PXOM era posibilitar a construción dun parque empresarial en Sanxenxo ante a

falla de solo industrial e co fin de potenciar e economía de toda esta comarca do Salnés.

b) A conexión da autovía co parque empresarial non só afecta ó propio parque, senón que se posibilita a construción dunha estrada, prevista no PXOM, que unirá a autovía coa parroquia de Vilalonga (lugares de Altamira e Xuncabranca) na PO-550. Esta estrada constituirá unha mellora fundamental para absorber o transporte de gran tonelaxe e será moi beneficiosa, tanto para o municipio de Sanxenxo, como para os de O Grove, Meaño, Cambados, etc..

c) Quedaría así con moito menos tránsito de camións de grande tonelaxe a estrada PO-504 que é unha travesía de poboación urbana e cuxa titularidade xa foi solicitada por este concello.

d) Xa con data 04/07/03 o Concello de Sanxenxo solicitou á Subdirección de Estradas, na fase de exposición pública do proxecto de desdoblamento da vía rápida VRG-4.1, que se incluíse no mesmo a execución do vial de conexión entre a futura autovía e a antiga estrada C-550 en Vilalonga a través do parque empresarial e como figura no PXOM.

e) No informe do Servizo de Xestión de Vías e Obras de Alta Capacidade da Dirección xeral de Obras Públicas de data 14/10/05 xa figura no apartado 3 o seguinte:

“3- Como resultado deste estudio conclúese que a solución máis axeitada para o enlace será a disposición dunha glorieta de planta ovalada a distinto nivel, situada no p.k. 15+120. A construción do enlace será asumida pola sociedade concesionaria de forma parcial, de forma que construírá, xunto co resto do desdoblamento, todas aquelas partes do enlace que sexan necesarias para garantir a circulación pola nova autovía en condicións de seguridade e comodidade, de forma que non se produzan afeccións importantes ó tráfico no momento da construción do parque empresarial e os seu acceso. As obras correspondentes á sociedade concesionaria comprenderán a execución dos catro ramais de entrada e saída na glorieta, e os dous pasos inferiores necesarios baixo o tronco, de forma que o tronco da autovía quede preparado para facilitar a construción posterior do anel da glorieta inferior. O resto da obra, ata completar o enlace, deberá ser asumido polo concello, e construírase ó mesmo tempo que o parque empresarial, sendo necesario e imprescindible establecer unha correcta e total coordinación entre ámbalas dúas fases de construción do enlace.

O importe das obras que serán asumidas pola sociedade concesionaria ascende a un PEC de 1.683.298,71 € Xúntase plano de conxunto no que se representan as partes que asumirá a sociedade concesionaria.”

En base ó exposto redactouse un borrador de convenio para remitir á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes onde se recollen os plantexamentos do concello dende o punto de vista da defensa dos intereses municipais.

En consecuencia, propónse ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: aprobar a proposta de borrador de convenio a asinar pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Sanxenxo onde se recolle que a obra de enlace da autovía do Salnés co sistema xeral viario a través do parque empresarial desenvolvido polo SU-15 do PXOM sexa custeada e realizada pola Xunta de Galicia a través de dita consellería.

Segundo: remitir a Sra. conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes o borrador do convenio e a certificación do acordo plenario, ós efectos oportunos.”

A continuación o **concelleiro do Grupo Municipal do PP, Sr. Casal Moldes**, da lectura ó borrador do convenio que literalmente di:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES, E O CONCELLO DE SANXENXO PARA A EXECUCIÓN E EXPLOTACIÓN DO ENLACE DE ACCESO DA AUTOVÍA DO SALNÉS Ó PARQUE EMPRESARIAL DE SANXENXO.

Santiago de Compostela, a ... de de 2007

REUNIDOS

Dunha parte, **dona M^a José Caride Estévez, conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia**, facultada para a formalización deste convenio pola Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da xunta e do seu presidente.

Doutra parte, **dona Catalina González Bea**, na súa condición de **alcaldesa-presidenta do Concello de Sanxenxo**, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

As partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

A Xunta de Galicia persegue dotar ó territorio da Comunidade Autónoma de Galicia dunha ampla rede de infraestruturas viarias que posibilite a súa mellor estruturación e articulación interior. Entre estas infraestruturas atópase o desdoblamento da vía rápida VRG-4.1. Esta actuación, é considerada pola Xunta de Galicia como fundamental para dotar dunha vía de alta capacidade que permita conectar a rede de estradas actualmente existente cun dos núcleos de maior interese turístico de toda a comunidade autónoma, a poboación de Sanxenxo, co que os beneficios derivados desta actuación estenderanse a toda a poboación galega.

Debido a estas circunstancias, a Xunta de Galicia pretende abordar no menor prazo posible a conversión en autovía da actual vía rápida VRG-4.1, no seu treito comprendido entre o enlace coa PO-531 e a poboación de Sanxenxo. Para isto, con obxecto de compatibilizar a conveniencia de dotar á comunidade autónoma desta autovía, considerada imprescindible para o seu desenvolvemento económico, nun prazo breve de tempo, coa necesidade de cumprir axeitadamente os obxectivos de estabilidade orzamentaria, considerouse necesario vincular a iniciativa privada na súa construción e explotación, por resultar unha infraestrutura máis atractiva para o sector privado e debido á súa alta rendibilidade social permitiría obter significativos beneficios sociais. Deste xeito adiantaríase o retorno social derivado do incremento de riqueza que xera este investimento sen incrementar o déficit público.

Mediante Resolución da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda de data 15 de novembro de 2004 anunciouse a licitación do concurso por procedemento aberto, do contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do “Desdoblamento (conversión en autovía) da vía rápida VRG-4.1. Treito: Enlace coa PO-531 – Sanxenxo. Clave: PO/02/089.01”.

Á vista do anteriormente exposto e do expediente instruído para a contratación mediante concurso, por procedemento aberto, da concesión de obra pública “Autovía do Salnés. Treito: Enlace coa PO-531 – Sanxenxo. Clave PO/02/089/01”, o conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, resolveu en data 15 de xuño de 2005, adxudicar o contrato da concesión de obra pública para a construción e explotación da “Autovía do Salnés. Treito: Enlace coa PO-531 – Sanxenxo. Clave PO/02/089.01”, á agrupación COPASA – PUENTES Y CALZADAS – CAIXANOVA.

O contrato coa sociedade anónima constituída ó efecto (AUTOESTRADA DO SALNÉS, SOCIEDADE CONCESIONARIA DA XUNTA DE GALICIA, SOCIEDAD ANÓNIMA) asinou en data 16 de setembro de 2005.

Segundo o disposto no citado contrato concesional, durante a fase de explotación poderá producirse a conexión da autovía co futuro parque empresarial de Sanxenxo nas proximidades do punto quilométrico 15+080 debendo asumir *Autoestrada do Salnés, Sociedade Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A.* os custes adicionais de explotación producidos a consecuencia da realización das citadas obras.

Por outra banda, tal e como se recolle na cláusula 42 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, unha vez perfeccionado o contrato e antes da posta en servizo da autovía obxecto da concesión, o órgano de contratación poderá introducir modificacións no proxecto aprobado pola administración por razón de interese público.

Deste xeito a construción do citado enlace pasará a incorporarse á concesión asumindo as partes contratantes, Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e *Autoestrada do Salnés, Sociedade Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A.* o réxime de obrigas estipuladas ó respecto no correspondente expediente administrativo.

Por outra banda, o PXOM do Concello de Sanxenxo recolle a necesidade do entronque da Vía Rápida do Salnés (VRG-4.1) co Parque Empresarial e co Sistema Xeral Viario para conectar co resto da comarca a través dos lugares de Altamira e Xuncabranca, na parroquia de Vilalonga.

Para facer viable este proxecto común as administracións públicas asinantes asumen uns compromisos que se materializarán no presente convenio.

Á vista de todo o exposto, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Sanxenxo, entenden que o máis beneficioso para o interese xeral é actuar cun criterio de eficiencia económica integrando a execución das obras do enlace do futuro Parque Empresarial no conxunto da actuación do desdoblamento da vía rápida, que na actualidade se está a desenvolver.

Para regular a colaboración entre as partes que interveñen, para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de Sanxenxo, que permitan materializar a execución e explotación das obras da actuación "Enlace de acceso ó futuro Parque Empresarial de Sanxenxo, no p.q.15+080 da Autovía do Salnés".

SEGUNDA.- EXECUCIÓN DAS OBRAS

As obras correspondentes ó "Enlace de acceso ó futuro Parque Empresarial de Sanxenxo, no p.q.15+080 da Autovía do Salnés" formarán parte da actual concesión para a construción e explotación da Autovía do Salnés, polo que quedarán definidas no proxecto construtivo que redactará a administración.

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes asume a redacción do proxecto de construción que elaborará por medios propios ou a través do contrato de concesión asinado con AUSAL.

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes aprobará o citado documento técnico que pasará a integrarse no vixente marco contractual da concesión administrativa para a construción e explotación da Autovía do Salnés, segundo o estipulado na cláusula 42 do Prego de Cláusulas Administrativas.

O orzamento total de execución desta obra estímase en

TERCEIRA.- EXPLOTACIÓN DAS OBRAS

1.- As obras correspondentes ó “Enlace de acceso ó futuro Parque Empresarial de Sanxenxo, no p.q.15+080 da Autovía do Salnés” formarán parte da concesión para a construción e explotación da Autovía do Salnés.

2.- Os custes adicionais de explotación producidos a consecuencia da realización das citadas obras serán asumidos pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes a través do contrato de concesión asinado con *Autoestrada do Salnés, Sociedade Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A. (AUSAL)*, tal e como se recolle no contrato concesional que vencella á administración autonómica coa sociedade concesionaria.

CUARTA.- COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, asume os seguintes compromisos:

1. Elaborar o proxecto de construción que contemple as obras e actuacións previstas no presente convenio para a construción do enlace de acceso ó futuro Parque Empresarial de Sanxenxo, no p.q 15+080 da Autovía do Salnés.

2. Aprobar o citado proxecto.

3. Asumir a construción e custo do referido enlace, de xeito que se construírá, xunto co resto do desdoblamento, todas aquelas partes do enlace que sexan necesarias para garantir a circulación pola nova autovía en condicións de seguridade e comodidade. As obras correspondentes á Xunta de Galicia, a executar pola sociedade concesionaria, comprenderán a execución dos catro ramais de entrada e saída nunha rotonda, a un nivel inferior co do tronco; e que o tronco da autovía discorra ó longo do enlace sobre un viaducto único. O resto da obra, ata completar o enlace, será asumida polo concello, tal e como se recolle no apartado seguinte relativo ós Compromisos do Concello de Sanxenxo.

4. Executar as obras obxecto do convenio definidas no proxecto de construción.

5. Explotar as obras obxecto do presente convenio dentro do marco contractual que vencella á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes coa sociedade concesionaria AUSAL. A CPTOPT abonará un canon anual a AUSAL, que asumirá os gastos de conservación e mantemento da infraestrutura.

QUINTA.- COMPROMISOS DO CONCELLO

1. Por a disposición da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes os terreos, incluso servizos afectados, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, necesarios para a execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarias para acometer as obras relativas ó presente convenio. Entenderase cumprida esta obriga mediante a achega do acordo do órgano municipal competente da disposición efectiva dos terreos asumidos.

2. Asumir a realización das xestións pertinentes ante os organismos que correspondan para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren.

3. Con carácter previo á execución das obras, o concello deberá achegar á consellería o compromiso do acordo adoptado polo órgano que teña atribuída a competencia conforme a lexislación propia de Réxime Local e demais lexislación aplicable, á que fai referencia o apartado 1, é dicir, acreditar a efectiva dispoñibilidade dos terreos nos termos do apartado precedente.

4. Si se acordase que sexa a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes quen leve a cabo as expropiacións dos terreos necesarios para a execución das obras, o Concello de Sanxenxo deberá financiar integramente o seu custo, de ser preciso.

5. Completar as obras de enlace co Parque Empresarial de Sanxenxo, unha vez asumidas as mesmas pola consellería, tal e como figura no apartado 3 da cláusula cuarta de Compromisos da Xunta de Galicia.

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o impulso e cumprimento do presente convenio constituirase unha Comisión de Seguimento formada polo Delegado da Xunta de Galicia nas sociedades galegas concesionarias de autoestradas de peaxe en representación da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o alcalde/sa do Concello de Sanxenxo, que resolverá as controversias que resulten da súa execución, con especial atención a aquelas incidencias que poidan afectar ó ritmo de execución da obra principal de desdoblamento do Autovía do Salnés.

SÉTIMA.- INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS

1.- As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias serán resoltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, poñendo así fin á vía administrativa.

2.- O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio, que afecten substancialmente ó contido deste, constituirá causa suficiente de rescisión do mesmo.

3.- O presente documento ten a natureza dos convenios de colaboración previstos no artigo 3.1 c) da Lei de contratos das administracións públicas, Texto refundido aprobado por Real decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño, quedando por tanto fora da regulación de dita lei, cuxos principios non obstante aplicaranse na resolución de dúbidas ou lagoas que puideran presentarse. A Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia do mesmo, de acordo co artigo 10.1-g da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

OITAVA.- VIXENCIA DO CONVENIO

A vixencia do convenio manterase ata o remate da execución das obras, ou, por motivos debidamente xustificadas, ata cando poidan a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes ou o Concello de Sanxenxo acordar a prórroga tras a correspondente solicitude a través da Comisión de Seguimento citada na cláusula quinta.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.”””

Pola **presidencia** sométese a votación a urxencia (sistema de voto ponderado acordado polo concello Pleno en sesión de 09/07/2007) acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: **9 (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal Mixto e Sra. presidenta).**

Abstencións: 5 (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

En consecuencia e tras ter sido aprobada, por maioría, a urxencia procedeuse ó debate do asunto.

A **Sra. presidenta** explica que o texto deste convenio é o resultante dunha modificación do que se recibiu da consellería incluíndo as propostas do concello relativas a obra do entronque.

O **Sr. Fernández Lores, representante do Grupo Municipal do BNG**, solicita unha copia do texto orixinal do convenio que enviou a consellería, o que a presidencia lle entregou.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, representante do Grupo Municipal Mixto**, di que lle gustaría ter participado na redacción do convenio. Cre convinte que o adecuado non era traelo por urxencia, senón que tería que ser convocada a mesa de voceiros.

A **Sra. presidenta** di que o luns desta semana tivo a lugar a reunión ca delegada e por iso a única opción que quedaba era tratar este asunto por urxencia. Que o que se lle pide á consellería é que sufraguen os gastos derivados de face-los ramais do entronque e a ponte. Que o concello achega 22.000 metros do terreo para amplía-la autovía e ademais se fará cargo das expropiacións dos demais terreos que fagan falta e que non están dentro do solo urbanizable.

A **presidencia** somete a votación o asunto (sistema de voto ponderado acordado polo concello Pleno en sesión de 09/07/2007) acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: **9 (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal Mixto e Sra. presidenta).**

Abstencións: 5 (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

En consecuencia, a **Comisión de Estudo, Informe e Consulta de Urbanismo**, por maioría, acorda propoñer ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar a proposta de borrador de convenio a asinar pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Sanxenxo onde se recolle que a obra de enlace da autovía do Salnés co sistema xeral viario a través do parque empresarial desenvolvido polo SU-15 do PXOM sexa custeada e realizada pola Xunta de Galicia a través de dita consellería.

SEGUNDO: remitir a Sra. conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes o borrador do convenio e a certificación do acordo plenario, ós efectos oportunos.””

Iniciou o debate o **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, que logo de advertir un erro no ditame da comisión informativa que foi corrixido (non votou a favor da proposta senón que se abstivo), manifestou que podería votar a favor agora no pleno sobre todo se é corrixido o título do convenio, pois debe figurar o enlace da autovía do Salnés coa estrada de Vilalonga. Salientou a importancia do parque empresarial para Sanxenxo dicindo que non só se crean postos de traballo (citou a cifra de 3.000 lembrando o dato facilitado pola Sra. alcaldesa) senón que se consolidan moitos, engadindo que, como sindicalista que foi, opina que é mais doado conquistar

novos postos de traballo que consolidalos. Pregou que se poña un novo título ó convenio xa que o que hai que pedir é a inclusión do enlace da autovía con Vilalonga entendéndose así implícito o acceso ó parque empresarial.

Tamén manifestou que a Sra. alcaldesa está errada nas súas declaracións na prensa e confunde á opinión pública xa que non houbo cesións documentadas e así enfócase mal o tema. Considerou moi negativo non conseguir o enlace có parque, xa que con 3.000 traballadores teremos 3.000 coches ós que haberá que sumar os vehículos pesados que entren no parque; sen dúas saídas e cos camións, o trastorno sería terrible, un auténtico caos. Engadiu que os VIPS queren que se resolva este problema e que a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes debe considerar este enlace como unha necesidade viaria de Sanxenxo.

Acto seguido, o Sr. Rodríguez Lorenzo interrompeu a súa intervención para dicirlle ó secretario accidental que non xesticulase mentres él falaba e que se adicara a confeccionar as actas sen erros.

A **Sra. alcaldesa**, dirixiuse ó concelleiro do Grupo Mixto para indicarlle que fale ca presidencia para plantexar as queixas pero non directamente ó funcionario aludido, respondéndolle ó **Sr. Rodríguez Lorenzo** que xa había falado dirixíndose á propia alcaldesa.

Proseguiu a intervención o **Sr. Rodríguez Lorenzo** para dicir que a rede viaria de acceso ó polígono debe estar construída canto antes para conceder as licenzas ós empresarios dunha vez. Tamén lle recomendou á Sra. alcaldesa que non pelexe ca consellería e que se deixe de ameazar cós servizos xurídicos, engadindo que a Sra. presidenta debe traballar máis nos despachos e menos nos medios de comunicación, sobre todo tendo en conta que a cor do goberno de Sanxenxo non é mesma que a da xunta; pois senón hai logo que “recuar”.

Rematou dicindo, de novo, que o título do convenio é nefasto e que habería que cambialo para “camuflar” o tema do enlace co parque empresarial, e que se reservaba máis opinións para a segunda quenda de intervencións que lle concede o ROF.

A **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, manifestou que o polígono é unha necesidade polos postos de traballo que se van crear, polas empresas do municipio que se van instalar alí, e por outras que van vir de fóra. Pero, engadiu, que coa proposta que se fai ó pleno a alcaldesa está a amosar ineficacia e incapacidade, xa que o desenvolvemento do parque foi grazas á xunta de compensación.

Tamén manifestoulle á alcaldesa que “o rei” (referíndose ó alcalde anterior) dicía que o resolvía todo e que agora a Sra. González Bea, como herdeira, atópase co grave problema de ter un polígono aprobado sen garantir os accesos; que nunca asumiu que

hai varios erros neste “polígono mal parido” e que nunca tratou de solucionar os problemas porque para a Sra. presidenta todo era “guay del Paraguay”.

Lembrou que a xunta de compensación puxo 23.000 metros cadrados dos terreos a disposición do concello, pero que se fixo unha xestión nula e se está a prexudicar á institución, e a uns propietarios que sítense estafados xa que non reciben nada a cambio, dando a sensación de que a alcaldesa só se move por presións.

Tamén dixo que a alcaldesa presumía de que Sanxenxo é un concello rico e que non precisa de axudas doutras administracións, pero agora o tempo pon a cada un no seu sitio, e hai que conquistar recursos. Lembrou que o concello pagou sete millóns de euros pola Punta Vicaño e ía achegar outros catro millóns para a ronda de Dorrón, con certa “chulería”, para amosar que non necesitaba de ninguén; pero agora, para resolver o problema do parque, nin sequera convocou a xunta de voceiros para consensuar o texto do convenio.

Sostivo que, senón se obtén o financiamento da Xunta de Galicia, o enlace deben abonalo os propietarios do parque, engadindo que a que ten que realizar as xestións para solucionar este problema é a propia alcaldesa.

Anunciou que non ía aprobar a proposta porque é unha imposición, aconsellando á alcaldesa que se sente dunha vez cos propietarios e coa xunta de compensación e que, cando se atope unha solución razoable e crible, terán o apoio do PSOE para reunirse ca COTOPT.

Rematou dicindo que a alcaldesa nunca tivo interese algún en impulsar o tema do polígono e que so actúa cando hai presións polos problemas (subministro de Unión Fenosa, rede de sumidoiros, etc.).

O Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG, comezou a súa intervención lembrándolle ó goberno local que nos SU-18, 22 e 25 dixeron que non habería problemas e que agora hai enfrontamentos coa Xunta de Galicia cos expedientes, engadindo que neste asunto do parque hai similitude, pois coa proposta, e sen preguntarlle a ninguén, queren crispas a situación e provocar un novo enfrontamento coa xunta.

Preguntouse qué estivo a facer o goberno local durante dous anos e medio dende que se aprobaran o plan parcial e o proxecto de urbanización e por qué non dialogaron con ninguén. Opinou que hai que sentarse a negociar coas administracións e levarse ben cos seus representantes, xa que “á Xunta de Galicia pertencemos todos sen excepción”.

Tamén dixo que analizando a LOUGA (Lei 9/2002) e o PXOM de Sanxenxo se conclúe de xeito taxante que o SU-15 é un solo urbanizable e neste tipo de solos os promotores deben custear e executar as conexións, pregando que se cumpra a lei e que non se utilice a manipulación e o sectarismo.

Sinalou que o BNG está a favor do polígono e fixo a continuación un cálculo das plusvalías e beneficios que obteñen os promotores. Falou da superficie do polígono (650.000 m²), dos prezos pagados pola xunta de compensación ós propietarios (sobre 30 euros/m²), dos custos de urbanización (uns 15.300.000 euros), das cesións para viais, do 10% do aproveitamento e da venda final das parcelas (160 ou 180 euros polos 455.000 m² de aproveitamento), concluindo que houbo unhas plusvalías de máis de trinta e catro millóns de euros. Argumentou que con semellantes beneficios ben se poden pagar os dous ou tres millóns de euros que custa o enlace coa autovía.

Criticou que parece que só se quere beneficiar ós promotores que van a obter un beneficio de case seis mil millóns das antigas pesetas, preguntándose por qué o propio concello non desenvolveu o PXOM polo sistema de compensación no que atinxe ó parque empresarial, pois así as parcelas valerían moito menos e se faría unha mellor xestión para os cidadáns; parece que só se tratou de encher os petos dalgúns dos seus (dirixíndose á alcaldesa) co parque empresarial.

Tamén preguntou como se vai resolver o problema da rotonda (quen vai custeala) do SU-27 en Altamira pois parece que se queren asumir uns custos do enlace e outros non na citada rotonda, por razóns políticas. Engadiu que descoñecía que ía pasar con este vial do SU-27 que está no tramo intermedio entre o polígono e a estrada de Vilalonga.

Pregoulle á alcaldesa que non confunda á opinión pública ó falar doutros enlaces de parques industriais promovidos pola propia Xunta de Galicia, porque ó grupo de goberno se lle encheu a boca na precampaña e na campaña electoral presumindo de que temos un parque integramente privado, e agora veñen estes problemas cando hai que pagar o devandito enlace.

Quixo deixar claro que nin o concello nin a Xunta de Galicia debe poñer un euro para facer este enlace, solicitando que se retirase o punto da orde do día.

Rematou a súa intervención ofrecéndose para acompañar á alcaldesa e negociar que se realice rapidamente o enlace, pois a demora é gravísima para todos.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que parecía evidente que non se ía apoiar a proposta agás polo Sr. Rodríguez Lorenzo do Grupo Municipal Mixto (agradeceu a súa postura) e tamén dixo que non podía cambiar o enunciado pois non é razoable “camuflar” nada como pretende o Sr. Rodríguez Lorenzo.

Subliñou que non entendía a postura da Sra. Agúin Pombo pois parece que con tres concelleiros quere gobernar este concello e xestionar con demagogia o asunto polas consellerías para presumir de que o arranxou ela. Engadiu que coa súa intervención non se sabe si está de acordo coa postura dos propietarios ou se está do lado da COTOPT ou dos veciños.

Solicitoulle á concelleira socialista que probe a proposta deixando claro que o desenvolvemento do parque é moi claro que teñen que asumilo os propietarios, mentres a COTOPT ten que asumir o enlace coa autovía (fixo referencia a que Sanxenxo é un concello rico que pode axudar, sí, pero que os seus recursos non están para pagar entronques).

Considerou imprescindible conectar a autovía coa estrada PO-550 dentro do plan de infraestruturas comarcais para eliminar o tráfico da PO-504. Continuou dicindo que non entende como non se está de acordo e se faga demagogia denunciando unha falla de xestión.

Criticou o sectarismo que o goberno da Xunta de Galicia está a facer, dicindo que a xunta “non é un patio de colexio onde se trocan cromos”, referíndose a que se abonan os enlaces de Baiona, Nigrán e Gondomar e non ó de Sanxenxo (dixo que a xunta troca os cromos só cos do seu equipo).

Preguntou ós representantes do PSOE porqué non aproban o texto do convenio cando hai un informe de outubro de 2005 da propia xunta onde figura que tiñan previsto asumir o custo do entronque.

Rematou dicindo que a xunta non quere asumir o custo do investimento e así depositou os cartos dos terreos da autovía a toda velocidade porque senón o desdoblamento sería ilegal, e que da a sensación de que se pretende que con este goberno local non se faga nada.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** manifestou que todo o mundo ten algo de razón e así dixo que os propietarios presumiron de que se ía construír o parque empresarial sen axudas nin de Xestur nin da deputación e agora piden estas axudas. Engadiu que VIPS vai a apoiar a proposta a pesar do mal que se fixeron as cousas.

Manifestou a **Sra. alcaldesa** que non era ela á que ía apoiar o Sr. Rodríguez Lorenzo, senón ós veciños de Sanxenxo.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** reiterou o seu apoio pero manifestou que se leva mal o expediente porque hai un erro no título da proposta (considerouno un erro de “bautizo”). Expresou que está de acordo sempre de que non custe un euro ós veciños de Sanxenxo, sen entrar agora a valorar o que gañan os promotores cando promoven iniciativas urbanísticas.

Insistiu no seu apoio ós futuros traballadores aínda que despois de estudar o expediente a fondo, pode concluír que estívose a levar mal e que algún membro influeu negativamente en vostede.

Preguntouse qué pasaría se isto non sae ben e teñen que pagar o enlace ós promotores amosando a súa preocupación pola demora na concesión de licenzas se o proceso é

longo. Recomendoulle á alcaldesa que pelexe máis nos despachos e menos na prensa, agradecendo a súa afirmación de que o Concello de Sanxenxo non vai gastar cantidade algunha no enlace. Animouna a que siga loitando e que non cometa a torpeza como a de achegar seis millóns de euros para construír colexios, cando ésta é unha competencia da Consellería de Educación.

Para rematar, desexoulle sorte á Sra. presidenta para que se consiga o investimento sen custo algún.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que o concello non é rico por casualidade senón por unha xestión brillante do goberno do PP durante 8 anos, engadindo que en materia de educación os nosos rapaces non poden esperar, e que pasou vergoña allea cando tivo que entrar hai anos en algúns colexios polo estado no que se atopaban.

A **Sra. Aguíñ Pombo** manifestou que a alcaldesa moléstalle cando ten que escoitar as verdades e que se fixera as xestións que tiña que facer, non estaríamos agora neste pleno debatendo esta cuestión. Lembrou as afirmacións do voceiro do BNG sobre a normativa fixada pola Lei do solo de Galicia e rematou dicindo que os propietarios puxeron a súa disposición 22 ou 23 mil metros cadrados de superficie do polígono e vostede non saber qué facer con eles.

A **Sra. alcaldesa** lembrou de novo un informe de outubro de 2005 e que non entende o cambio de posición da xunta en canto á afrontar o custo do enlace.

Preguntoulle a **Sra. Aguíñ Pombo** se o informe da Xunta de Galicia está asinado por alguén e tiveron lugar, de seguido, varias intervencións da alcaldesa e da voceira socialista sobre a autoría, as datas e a sinatura ou non do devandito informe.

A **Sra. alcaldesa** preguntoulle á Sra. Aguíñ Pombo cal das tres partes da proposta non asume, tendo lugar logo una discusión sobre a xestión da Xunta de Galicia cando gobernaba o PP e con este goberno bipartito, falando de hemerotecas e asuntos diversos de competencia autonómica.

A **Sra. Aguíñ Pombo** falou de que a Sra. alcaldesa ten “urticarias e sarpullidos” cando a xunta actual toma decisións, lembrando o que sufriron os concellos socialistas en dezaseis anos de goberno popular.

A **Sra. alcaldesa** rexeitou esta última afirmación lembrando as xestións realizadas polo ex-conselleiro, Sr. Cuíña Crespo, en favor do municipio de Vilagarcía de Arousa, que tiña un alcalde socialista.

A **Sra. Aguíñ Pombo** manifestou que neste tema do polígono, se pretenden enviar “balóns fóra” para que pague outro, reiterando que non pode apoiar algo que considera confuso.

Tras insistir a **Sra. alcaldesa** en preguntar á Sra. Aguín Pombo por qué non aproba a proposta, manifestou que hai que concluír que o PSOE apoia máis á consellería que ós veciños e rematou a súa intervención dicindo que a COTOPT non pode usurpar 23.000 metros de propiedade municipal.

O **Sr. Fernández Lores**, manifestou que está aprendendo pouco no debate e que estes convenios sen asinar lémbrenlle ós da deputación do Sr. Louzán (o que considerou un “feirante”), tamén sen asinar. Engadiu que a alcaldesa non debe mesturar os 23.000 metros co problema do enlace, pois a xunta xa consignou os cartos dos depósitos. Tamén dixo que non se lle contestou a nada e que se está “mareando o palangre”, pero o certo e a Sra. alcaldesa non apoia os veciños senón que apoia ós propietarios. Aconselloulle á Sra. presidenta que se sente tranquilamente ca consellería a negociar o enlace, defendendo os intereses do concello e que non enfade ós membros da xunta.

Rematou dicindo que non debe facer unha fuxida para adiante por moito “hooligan” que lle aplauda nesta sesión, pois está en xogo algo moi serio e a única saída do problema é o diálogo para lograr un acordo.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que todos os veciños estarán informados das xestións, dicíndolle ós membros da oposición que opinan sempre a medias (“nin frío nin quente, mais ben templado, coma sempre”, dixo) pero non teñen idea das veces que foi á COTOPT para tratar de solucionar este asunto, engadindo que non entende esta postura de “marear a perdiz” sen dar o apoio que merece este investimento.

Asegurou que intúe que se vai a facer o entronque pero en plena campaña das eleccións xerais, non descartando que a Sra. Aguín Pombo esté na inauguración por parte dalgún cargo socialista (incluso nomou ó presidente do goberno), practicando o sectarismo de sempre.

A **Sra. presidenta** someteu o asunto a votación acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: sete (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

En consecuencia, por maioría, a corporación municipal en pleno adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar a proposta de borrador de convenio a asinar pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Sanxenxo onde se recolle que a obra de enlace da autovía do Salnés co sistema xeral viario a través do parque empresarial desenvolvido polo SU-15 do PXOM sexa custeada e realizada pola Xunta de Galicia a través de dita consellería.

SEGUNDO: remitir a Sra. conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes o borrador do convenio e a certificación do acordo plenario, ós efectos oportunos.-----

Neste intre e con permiso da presidencia, auséntase da sesión a concelleira do Grupo Municipal do BNG, Sra. Fernández Agraso.

Seguidamente, antes de pasar ó punto referido a rogos e preguntas procedeuse a trata-las seguintes **MOCIÓN**:

55 : MOCION DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO RELATIVA Á NOVA INCLUSIÓN DE MEMBROS NA ADMINISTRACIÓN E NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA SOCIEDADE MERCANTIL “NAUTA SANXENXO, S.L.” (Rexistro entrada 4821 do 23.08.07). Polo Sr. secretario dáse lectura á seguinte moción que literalmente di:

“José Luís Rodríguez Lorenzo, concejal por **VIPS** (Vecinos Independientes por Sanxenxo), pone en su conocimiento:

Cualquier destino turístico importante en el litoral tiene que contar con unas instalaciones náutico-deportivas adecuadas en donde se instalarán una serie de servicios y actividades de lo más variado imprescindibles para darle una existencia y animación que son el referente de atracción para los visitantes y residentes de la zona.

Es innegable que esa vida en las diferentes actividades –comerciales, restauración, discotecas, pub, etc.- son esenciales para su funcionamiento y los empresarios que han hecho importantes inversiones son los que logran, a través de sus establecimientos darles una marca de calidad que hacen posible esa singularidad que los hace atrayentes.

La explotación pública del puerto de Sanxenxo se realiza por mediación de Nauta SL, empresa participada al 100% por capital municipal, y entendemos que su gestión puede resultar poco transparente y participativa teniendo en cuenta que se “juega” con el dinero por lo que, entiende nuestro grupo, se debiera dar una mayor colaboración por parte de las instituciones a particulares y colectivos que tienen interés en que su marcha sea lo más clara y efectiva posible lo que indudablemente redundaría en un mayor beneficio, directo e indirecto, para la vida turística de Sanxenxo.

Por ello sometemos a la consideración del Pleno de la Corporación, las siguientes

MOCIONES:

- Que se tome en acuerdo de incluir de Administración de Nauta Sanxenxo un representante de los empresarios que desarrolla su actividad en el Puerto de Sanxenxo.
- Que se tome el acuerdo de incluir en el Consejo de Administración de Nauta Sanxenxo a un representante designado por el CETS (Confederación de Empresarios Turísticos de Sanxenxo).
- Que se tome el acuerdo de incluir en el Consejo de administración de Nauta Sanxenxo a un concejal de la oposición.”

A Sra. alcaldesa anunciou que o seu grupo ía votar en contra da urxencia e sen producirse debate pasouse a votación da urxencia acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: un (Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: nove (Grupo Municipal do PP).

Abstención: seis (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

En consecuencia e por maioría non se aprobou a urxencia e a moción foi rexeitada.-----

Neste intre e con permiso da presidencia, incorpórase novamente á sesión a concelleira do Grupo Municipal do BNG, Sra. Fernández Agraso.

56 : MOCION DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO PARA DEIXAR SEN EFECTO O PLUS ÓS FUNCIONARIOS QUE DESEMPEÑARON CARGOS REPRESENTATIVOS (Rexistro de entrada núm. 4959 do 30.08.07). Polo Sr. secretario dáse lectura á seguinte moción que literalmente di:

“JOSE LUIS RODRÍGUEZ LORENZO, representante del VIPS (Vecinos Independientes por Sanxenxo), en la Corporación de Sanxenxo, expone:

Sra. Alcaldesa:

Perpejo he leído esta tarde la noticia aparecida en un medio de comunicación bajo el título de que “Ex alcaldes y diputados funcionarios también recibirán el plus de 15.000 euros”. Al parecer, se pretende hacer una nueva modificación en a “Lei da Función Pública” con el fin de que los funcionarios ex alcaldes –retribuidos y con dedicación exclusiva- presidente de diputaciones, diputados y senadores, así como los miembros de las asambleas legislativas autonómicas, con dos años de permanencia ininterrumpida o tres de forma interrumpida en el cargo, recibirán 15.000 euros anuales de por vida funcional (se pueden jubilar a los 70 años).

El descrédito de los políticos es tal que se llega al extremo de que los pregoneros pagados con el dinero de los vecinos, en las fiestas, se permiten cachondearse de las personas que les contrataron.

Los sueldos de los alcaldes, diputados, senadores, etc.. son aprobados por ellos mismos en las cámaras para las que fueron elegidos empleando unos varemos y justificaciones que en nada tienen que ver con los que se siguen para fijar el de la inmensa mayoría de los ciudadanos que los votaron, dando lugar, como ha ocurrido recientemente con la elección de las nuevas corporaciones locales, al descontento ciudadano por las asignaciones aprobadas en algunos ayuntamientos, con rebajas posteriores incluidas.

Obviamente no es de extrañar, con estos tejes y manejes, que los ciudadanos consideren a la clase política, “la que tiene que manifestar la voluntad popular”, incluso en los sueldos, como uno de los colectivos más desprestigiados, para lo que, evidentemente, hacemos méritos sobrados.

Y ahora, otra más para mejorar nuestra “imagen”, 15.000 euros como premio de consolación a los que dejen el cargo, cantidad y por poner un ejemplo, que no cobran ni remotamente la gran mayoría de los pensionistas en este país. Cuantos millones de ciudadanos han trabajado como (y perdonen la expresión) cabrones durante 40 años o mas y no llegan a cobrar esa pensión.

En todo caso: ¿Por qué a los funcionarios que se dedican a la política y no al. resto de los ciudadanos por hacer lo mismo?. ¿Qué pasa con un ex que deja el cargo y no tiene otro medio de vida?, cuando el funcionario tiene el reingreso, en su puesto, asegurado, hasta la jubilación funcional (70 años si lo desea).

No es suficiente cachondeo que funcionarios públicos que son elegidos como miembros de las corporaciones, por ejemplo un maestro, le dan la dedicación parcial, no aparezca por el colegio más que cuando considera que se lo permiten sus obligaciones representativas, con lo cual su plaza no se puede cubrir y sus compañeros tienen que hacer su trabajo, con el consiguiente detrimento educativo, mientras

cobra por dos conceptos; o el médico de atención primaria que es concejal con dedicación parcial ¿Quién atiende a sus pacientes cuando está desempeñando sus funciones representativas? Ejemplo tenemos en Sanxenxo que cuando el titular del centro de salud se marcha para disfrutar de sus vacaciones reglamentarias, no mandan sustituto ya que alegan que no hay médicos disponibles.

Por que me lo han pedido algunos vecinos que me informaron de su publicación en la prensa **y principalmente por que me parece una turbación y una afrenta a los ciudadanos y principalmente a esa inmensa mayoría de mismos que después de una larga vida de trabajo y sacrificios jamás llegarán a tener ni remotamente una pensión equivalente a 15.000 euros anuales de hoy, ¿cuanto trabajador en activo no llega a cobrar dicho importe dado que se pasarán toda su vida laboral con el “base” estipulado por el Gobierno.**

Lo que está ocurriendo con la sanidad es una vergüenza por falta de centros adecuados; lo que se le paga a los médicos es un atropello a la salud y una invitación a marcharse a otros países; lo que sucede con el precio de la vivienda una estafa a la Constitución; la mayoría de nuestras carreteras y sus protecciones son patíbulos reconocidos, las muertes laborales siguen aumentando; los impuestos, tasas y precios públicos siguen creciendo; etc. Etc.. Y mientras la clase política, tiene, tenemos que pensar en como asegurar el futuro de los nuestros, aunque sea a costa del sacrificio, vida y trabajo de los demás. Vergonzoso, espeluznante.

Por todo ello, presento para su lectura y debate en el pleno la siguiente MOCIÓN:

- Que se acuerde dirigirnos al Parlamento de Galicia para que deje sin efecto que los funcionarios que desempeñaron sus cargos representativos puedan cobrar el plus de 15.000 euros anuales durante el resto de su vida laboral.””

A **Sra. alcaldesa** anunciou que o seu grupo ía votar en contra da urxencia considerando unha osadía a do Sr. Rodríguez Lorenzo que pretende que se anule un acordo adoptado no parlamento por tódalas forzas políticas.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** manifestou que non pretendía que o acordo do pleno anule outro superior, pero hai que aportar un grano de area (falou de que “ata un átomo fai sombra”) para corrixir unha inxustiza. Engadiu que algo se está a conquistar porque algún partido parece que da marcha atrás. Rematou afirmando que coa presentación da moción ten a sensación de haber cumprido.

Tras manifestar a **Sra. alcaldesa** que non ten sentido tratar no pleno este tema (aínda que poda estar de acordo en aspectos do fondo), pasouse á votación da urxencia acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: un (Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: doce (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

Abstención: catro (Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia e por maioría non se aprobou a urxencia e a moción foi rexeitada.-----

57 : MOCION DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO RELATIVA Á ENTREGA ÓS GRUPOS MUNICIPAIS DOS RECORTES DE PRENSA DIARIOS (Rexistro de entrada núm. 4986 do 31.08.07). Polo **Sr. secretario** dáse lectura á seguinte moción que literalmente di:

“JOSE LUIS RODRÍGUEZ LORENZO, representante del VIPS (Vecinos Independientes por Sanxenxo), en la Corporación de Sanxenxo, expone:

Durante 6 anos, por voluntad de los vecinos, forme parte de la Corporación Municipal en la oposición, otros 6 años los hice gobernando. Durante esos años, aunque los recursos del ayuntamiento eran muy limitados, nunca se negó a ningún representante de los vecinos que pudiese obtener copias de los recortes de la prensa que se le pasaban a la alcaldía, **supliendo las carencias económicas por la generosidad política.**

Hoy el Concello de Sanxenxo presume de tener unos presupuestos económicos superiores a otros ayuntamientos mas importantes por pujanza económica y número de habitantes, quizás para justificar que la presión fiscal de los vecinos es muy superior a los de Santiago, A Coruña, Pontevedra y Vigo, por poner unos ejemplos, **nadando en funcionarios contratados sin ningún tipo de control**, que han puenteado a los que desde hace años le han permitido mantener una administración, hecha durante varias legislaturas de distinto matiz político, que merecen el respeto de todos los vecinos.

Es evidente que la abundancia de recursos como los que tiene el ayuntamiento en estos momentos, hasta el punto de permitirse aceptar protocolos para construir edificios al. 50% con la administración Gallega (que tiene la obligación de hacerlos al 100%), más los terrenos que aportamos, y **no tiene en absoluto con la generosidad política de quien tiene el poder**, quizás debido a carencias de otro tipo que solo se pueden conseguir con la educación que se imparte en las escuelas y la enseñanza de la vida.

Esto viene a cuento **ya que me han negado**, (y me supongo que a todos los grupos) **lo que nunca se ha hecho en este ayuntamiento**, que la persona que hace las fotocopias de los recortes de prensa con noticias sobre Sanxenxo, entregue a la oposición una copia; aduciendo Usted “exceso de trabajo por parte del funcionario”. Tenga un mínimo de decoro y no nombre en este tema a los funcionarios. La única verdad es la bajeza y miseria política en la que entra y arrastra a su grupo. Por todo ello, para que la corporación tome buena cuenta de que un ayuntamiento que presume en nadar en medios económicos **decida o no nadar también en las miserias que no han tenido otros Alcaldes**, de cualquier matiz político. Sometemos a su consideración, y demás miembros de la corporación, la siguiente **MOCIÓN**:

- **Que se escape de la mezquindad política** y tome el acuerdo de volver a entregar a cada grupo municipal **una** fotocopia de todos los recortes de prensa, referentes a Sanxenxo, que se hacen y archivan diariamente en el ayuntamiento, a mayores del que se hace para la Alcaldía.”

A **Sra. alcaldesa** manifestou que o seu grupo ía votar en contra da urxencia, porque os grupos da oposición teñen a súa disposición tódolos xornais para facer as copias que desexen.

A **presidencia** somete a votación a urxencia acadándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: oito (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).**

Votos en **contra: nove (Grupo Municipal do PP).**

En consecuencia, e por maioría, non se aprobou a urxencia e a moción foi rexeitada.

O Sr. **Rodríguez Lorenzo** manifestou que coñece o ROF e que se hai debate falando a presidencia, el tamén quere debater.-----

58 : MOCION DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO PARA FELICITAR Ó GAÑADOR DO “TOUR DE FRANCIA 2006”, OSCAR PEREIRO. (Rexistro de entrada núm. 5758 do 22.09.07). Polo Sr. **Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, dáse lectura á seguinte moción que literalmente di:

“Jose Luis Rodríguez Lorenzo, concejal por VIPS (Vecinos Independientes por Sanxenxo), expone:

Siendo pública la noticia de que el Tribunal de arbitraje en asuntos de dopaje, a fallado en contra del ciclista Floyd Landis, y ha sido declarado culpable del control positivo que sufrió por testosterona sintética en el Tour de Francia de 2006, por lo que perdería el triunfo en la general de esa edición, que iría a parar a nuestro paisano Oscar Pereiro, **con lo que se hace oficial el reconocimiento afectivo que le dispensamos la mayoría de los ciudadanos de este país** por el esfuerzo realizado por el ciclista de Porriño para alcanzar tal triunfo.

Por considerar que su esfuerzo, trabajo y sacrificio lo han llevado hasta meta triunfal, del Tour de Francia del 2006, y con ello en nombre de nuestro País y de sus ciudadanos y por lo que representa, es por lo que someto a la consideración de la Corporación la siguiente

MOCIÓN

